

BASES

OLIMPIÁDA GALEGA DE ECONOMÍA 2023

16 de marzo de 2023
Facultade de CC. Económicas e Empresariais
Universidade de Vigo

1. PRESENTACIÓN E OBXECTIVOS

A [Olimpiada Española de Economía](#) é un certame académico e educativo que ten como obxectivo estimular o estudo da Economía e da Economía da Empresa entre as mozas e mozos, premiar o esforzo e a excelencia académica, así como establecer vínculos estables entre o ensino universitario e outros niveis educativos.

A **XIII Olimpiada Galega de Economía** está organizada pola Universidade de Vigo e o Colexio de Economistas de Pontevedra, en colaboración coa Universidade da Coruña, da Universidade de Santiago de Compostela e coas Facultades de Comercio e Administración de Empresas e Turismo da Universidade de Vigo, así como coa participación da Asociación Galega de Ensinantes de Economía en Secundaria (AGAEDES). A Olimpiada Galega constitúe a fase local da Olimpiada Española de Economía no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. PARTICIPACIÓN

Poderá participar na XIII Olimpiada Galega de Economía o alumnado matriculado no curso 2022/23 na materia Economía da Empresa de 2º curso de Bacharelato en calquera dos Centros de Ensino Secundario da Comunidade Autónoma de Galicia. A participación será individual e cada centro poderá presentar un máximo de 5 participantes.

3. INSCRIPCIÓN

A inscrición realizarase cumprimentando o [formulario](#) de solicitude de participación que deberá ser enviado por email desde un correo electrónico oficial (tipo xxx@edu.xunta.es) –pode ser o do/a docente ou o do Centro de Ensino–, ao e-mail olimpiadaeconomia2023@uvigo.es. Só se considerarán os formularios recibidos ata as 14h do día 9 de febreiro de 2023. En caso de remitir máis dun formulario só será válido o último recibido en prazo.

O listado do alumnado inscrito publicarase antes das 14h do día 16 de febreiro de 2023 no seguinte [vínculo](#).

Para os estudantes menores de idade deberá cubrirse o formulario de autorización da nai, pai ou tutor/a legal para a súa asistencia e participación na Olimpiada e a cesión dos dereitos de imaxe

segundo o modelo que poden descargar [aquí](#). Este modelo deberá enviarse, xunto co formulario de inscrición, de forma agrupada por cada centro educativo para todos os seus estudantes participantes ó enderezo de correo electrónico: olimpiadaeconomia2023@uvigo.es.

4. TEMARIO

O temario das probas da fase local abranguerá os 4 primeiros bloques do programa oficial de Economía de 1º de Bacharelato e os 6 primeiros bloques do programa oficial de Economía da Empresa de 2º de Bacharelato, establecido no DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia:

1. Economía e escasez
 2. A actividade produtiva
 3. O mercado e o sistema de prezos
 4. A macroeconomía
-
1. A empresa
 2. Desenvolvemento da empresa
 3. Organización e dirección da empresa
 4. A función produtiva
 5. A función comercial da empresa
 6. A información na empresa

5. PROBA

A proba realizarase de xeito presencial na Facultade de Ciencias Económicas e Empresarias da Universidade de Vigo, no Campus Lagoas Marcosende, o xoves 16 de marzo ás 16:30h. A data e a hora previstas poderían ser modificadas se houberse circunstancias excepcionais que o requirisen. Nese caso informaríase oportunamente ao alumnado inscrito.

O exame durará dúas horas e terá tres partes:

1. A primeira constará de preguntas tipo test relativas a relacións e conceptos básicos. A valoración total deste test será de ata 4 puntos con posible sistema de penalización. Esta proba terá carácter eliminatorio e da mesma se seleccionarán aos 15 estudantes con maior puntuación, aos que se lles pasarán a corrixir as seguintes partes do exame.
2. A segunda parte do exame constará de dous exercicios prácticos, cada un dos cales terá como máximo unha puntuación de 2 puntos (total 4 puntos).
3. Na terceira parte da proba, os alumnos realizarán un comentario de texto sobre algún tema de actualidade económica que se puntuará cun máximo de 2 puntos.

Os exames serán corrixidos de forma anónima e a cualificación máxima que se pode obter é de 10 puntos. Na corrección valorarase a claridade na expresión e o razoamento das respostas, tendo tamén en conta a ortografía e a puntuación. No caso dos exercicios prácticos, numéricos ou representacións gráficas valorarase a claridade no desenvolvemento, o uso correcto das unidades de medida e a explicación dos resultados. Os resultados da corrección son inapelables.

6. PREMIOS

Os tres primeiros clasificados na Olimpíada Galega de Economía recibirán un diploma acreditativo e representarán ás Universidades do Sistema Universitario de Galicia na fase nacional da Olimpíada de

Economía que se celebrará os días 19, 20 e 21 de Xuño de 2023 na Universidade de Sevilla. A Facultade de CC. Económicas e Empresariais da Universidade de Vigo correrá co coste da inscrición na fase nacional da Olimpíada de Economía, e cos gastos de viaxe e aloxamento dos tres estudantes seleccionados, a dun/ha profesor/a designado pola Comisión Organizadora que os acompañe, e un/ha representante da Facultade.

O Colexio de Economistas de Pontevedra outorgará os seguintes premios aos tres primeiros estudantes clasificados:

- Primeiro estudante clasificado: 500€
- Segundo estudante clasificado: 300€
- Terceiro estudante clasificado: 200€

Os estudantes clasificados entre os postos 4º e 8º recibirán un diploma acreditativo como finalistas do concurso. A orde establecida servirá, ademais, para cubrir posibles vacantes no caso de que algún dos tres primeiros clasificados renuncie a participar na Olimpíada Española de Economía.

Ademais, os primeiros clasificados nas fases locais ou nacionais da Olimpíada de Economía que se matriculen nalgunha das universidades públicas do Sistema Universitario de Galicia poderán optar ás axudas convocadas para os estudantes gañadores de Olimpíadas Científicas, segundo o previsto na convocatoria feita, no seu caso, por cada universidade (suxeito á aprobación do presuposto e ás dispoñibilidades orzamentarias).

7. COMISIÓNS ORGANIZADORA E ACADÉMICA

A Comisión Organizadora da XIII Olimpíada Galega de Economía está constituída polos/as decanos/as das Facultades de Economía e/ou Empresa das universidades galegas, un representante da Xunta de Goberno do Colexio de Economistas de Pontevedra, e o presidente da Asociación Galega de Profesores de Economía en Secundaria (AGAEDES).

A Comisión Académica será a encargada de elaborar e cualificar a proba, clasificar por orde aos participantes, determinar os tres gañadores que participarán na XIV Olimpíada Española de Economía e resolver calquera incidencia que se poida producir. A Comisión Académica está formada por:

Presidenta: M^a Dolores Garza Gil, Decana.

Secretaria: Lucy Amigo Dobaño, Economía Aplicada.

Vogal: M^a Xosé Vázquez Rodríguez, Economía Aplicada.

Vogal: Carmen Otero Neira, Comercialización e Investigación de Mercados.

Vogal: Santiago Gómez Fraiz, Organización de Empresas.

Vogal: Xavier Martínez Cobas, Economía Financeira e Contabilidade.

8. DEREITOS DE IMAXE

Os contidos audiovisuais (fotografías, vídeos, etc.) que se poidan obter durante a celebración da XIII Olimpíada Galega de Economía serán tratados segundo a normativa das respectivas Universidades organizadoras. O acto de entrega de premios é un acto público e os contidos audiovisuais que nel se produzan serán propiedade das Universidades organizadoras que poderá utilizalos libremente nas súas publicacións, páxinas web, etc.

9. PROTECCIÓN DE DATOS

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección da persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE

(Regulamento Xeral de Protección de Datos ou "RXPDP") e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os datos que vostede nos facilite na solicitude, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de participar na XIII OLIMPÍADA GALEGA DE ECONOMÍA e amparados pola LOPD .

Coa súa participación nesta Olimpiada as persoas interesadas autorizan á Universidade de Vigo para a publicación dos seus datos, de acordo cos principios de publicidade e transparencia, cando así se derive da natureza desta actividade. Non obstante e co fin de previr riscos para a publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, dita circunstancia deberá comunicala a persoa afectada coa maior celeridade posible á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo ao teléfono 986 813419 ou ao enderezo electrónico igualdade@uvigo.es

Estes datos trátanse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos. Os datos das persoas gañadoras poderán difundirse en diversos medios e conservaranse en ficheiro electrónico polo Decano da FCCEE. Os datos trátanse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade.

Vostede ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a oporse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

Os devanditos dereitos poderá exercelos a través da sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/> (preferentemente a través do procedemento específico [SXER – Exercicio dereitos sobre protección de datos](#)) ou mediante solicitude dirixida ao Reitor da Universidade de Vigo e presentada ante as Oficinas de Asistencia en Materia de Rexistro da Universidade de Vigo ou calquera dos rexistros ou oficina de correos indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, Campus universitario Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra). Para máis información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>

Igualmente poderá dirixir dita solicitude directamente á Delegada de Protección de Datos da Universidade de Vigo, ao enderezo electrónico: dpd@uvigo.gal

Así mesmo, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

10. ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación na XIII OLIMPÍADA GALEGA DE ECONOMÍA implica a aceptación íntegra das súas bases e da decisión inapelable da Comisión Académica á que lle corresponderá resolver calquera continxencia non prevista nestas bases.

CONTACTO

Para calquera dúbida ou suxestión, pódese contactar co decanato da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, por medio destes medios:

Teléfono (Secretaría do Decanato): 986 812402

E-mail: olimpiadaeconomia2023@uvigo.es